

Autorización¹

D/D^a _____,
DNI _____ na miña condición de persoa responsable
do/a menor _____,

dou a miña autorización para que o/a citado/a menor:

- Participe nas actividades do *X Verán máis alá!*
- Saír do recinto para as actividades relacionadas con Verán máis alá!
(excursións, piscina municipal outras saídas programadas)

Tamén autorizo ao monitorado de Verán máis alá! e persoal do Departamento Municipal de Cultura e Deportes para colocar fotografías do/a menor do que son responsable na páxina web do Concello, DVD final da actividade e memoria final de *Verán máis alá!*

Declaro baixo a miña responsabilidade que estes datos son certos.

Fene, _____, de xuño de 2012

Asdo.- _____

¹No caso de non conceder autorización para algún dos supostos enumerados, pedir no Departamento de Cultura e Deportes a ficha específica para estes casos e entregala debidamente cuberta.



Verán Máis Alá! 2012

Campus Lingüístico para facilitar unha alternativa de lecer educativo, na nosa lingua, á vez que se promove a conciliación da vida laboral e familiar.

Do 2 ao 31 de xullo de 2012 no CEIP DE CENTEIRAS (Perlío)

Horario de 8:00 a 14:30 horas

Bo día: de 08:00 a 10:00 h. • Máis Alá!: de 10:00 a 14:30 h.

É un espazo lúdico-educativo non regrado no que practicamos e fomentamos o galego como lingua de uso, promovemos os valores da igualdade, a participación e o traballo en grupo.

Unha temática central, relacionada coa contorna ao obxecto de coñecer os seus recursos naturais, culturais, deportivos sociais....

Actividades acuáticas: Xogaremos na auga nas instalacións da Piscina Municipal.

Actividades artísticas: Participaremos en obradoiros de reciclaxe, pintura, manualidades con diferentes materiais....

Actividades formativas: Xogaremos coa lingua, falamos inglés, facemos experimentos....

Excursións: Coñeceremos o noso Concello e outros puntos da comarca

Danza, música, teatro: Coreografías, bailes, ritmos e expresión corporal, elasticidade....

Xogos: De habelencia, de acción, de estratexia, tradicionais, cooperativos....

Deportes: Convencionais, adaptados, alternativos

ORGANIZA:



**Área
de Cultura,
Educación, Deportes,
Servizos Sociais
e Igualdade**

COLABORA:



A FICHA DE DATOS deberá entregarse no Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais 44, entrechán dereita) **por rigorosa orde de inscrición** ata cubrir as **120 prazas**, consonte ás seguintes condicións:

* **VECIÑOS/AS DE FENE. Luns, 4 de xuño + martes, 5 de xuño de 2012**

Horario de 09:00 a 19:00 h. (luns) e de 09:00 a 14:30 h. (martes)

Documentación:

- Ficha de datos
- Volante de empadramento no Concello de Fene.

* **VECIÑOS/AS DOUTROS CONCELLOS (só se quedan prazas vacantes). Mércores, 6 de xuño + xoves, 7 de xuño de 2012**

Horario de 09:00 a 19:00 h. (mércores) e de 09:00 a 14:30 h. (xoves)

Documentación:

- Ficha de datos

(A entrega **da documentación especificada en cada data, cuberta en todos os seus extremos**, é condición imprescindible para reservar praza)

O luns, 11 de xuño, hase publicar a listaxe dos/as participantes no X Verán Máis Alá!. Publicada a listaxe, poderá facerse o ingreso bancario (NON SE ACEPTARÁN INGRESOS ANTERIORES A ESTA DATA) e a entregar no Departamento de Cultura e Deportes, antes do xoves 21 de xuño, a documentación que se relaciona de seguido:

- Certificado de ingreso bancario
- Certificado médico orixinal
- Fotocopia da tarxeta sanitaria

Nº de conta. NovaGalicia Banco	Nome e apelidos do/a participante na actividade
Concepto	X Verán Máis Alá! 2080 - 0209 - 56 - 3040009274

COTAS:

- * 1º membro unidade familiar: 68,15 €
- * A partir do 2º membro da unidade familiar: 36,70 €

REDUCCIÓN DE COTAS:

- * En situación de escasa capacidade económica, as tarifas poderán reducirse no 50% e mesmo acceder gratuitamente a esta actividade nos termos sinalados no artigo 4. da Ordenanza fiscal núm. 2.
- * As persoas interesadas en acollerse ao suposto citado anteriormente, deberán formalizar igualmente a matrícula nos prazos fixados.
- * As persoas que participen na actividade só unha quincena pagarán o 50% da cota establecida.
- * Unha vez comezada a actividade non procederá a devolución da cota.
- * De proceder a devolución de cota por erro, baixa ou outras cuestións, hase rexer polos prazos e procedementos establecidos.

OBSERVACIÓNS XERAIS:

- * **Cada persoa só poderá inscribir como máximo a dous/dúas nenos/as (a non ser que teñan irmáns/ás)**
- * O seguro suscrito para os participantes é a póliza de responsabilidade civil xeral do Concello de Fene. Xa que logo, non cubre a asistencia sanitaria.
- * **Haberá unha reunión previa cos pais/nais/titores e coa empresa organizadora da actividade que terá lugar o 28 de xuño, ás 20 h. na Sala de Plenos da Casa do Concello.**
- * A formalización da matrícula implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e dos cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

MÁIS INFORMACIÓN:

Departamento de Cultura e Deportes (Avda. Naturais, 44, entrechán dereita. 15500, Fene)

Tlf.: 984 340 366

Correo electrónico: cultura.deportes@fene.dicoruna.es

Web: <http://www.fenecidadan.net>

Ficha de datos

Núm

Nome

Apelidos

Data de nacemento / /

D.N.I.

Enderezo

Localidade C.P.

Teléfonos de contacto:

1º

2º

3º

OBSERVACIÓNS MÉDICO-PERSOAIS

GRUPO SANGUÍNEO

MODALIDADE A ESCOLLER:

Bo día + Máis Alá! (de 8:00 a 14:30 horas)

Máis Alá! (de 10:00 a 14:30 horas)

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA (A cubrir pola Administración)

Volante de empadramento no Concello de Fene

Certificado médico orixinal

Certificado de pagamento

Fotocopia da tarxeta sanitaria

No caso de mutualidades e outros seguros privados, fotocopia da tarxeta sanitaria e do cadro de médicos e centros de referencia na zona.